

A visión tras o sermón, Paul Gauguin.

Óleo sobre lenzo. 1888. National Gallery of Scotland, Edimburgo, Reino Unido.



Considerada unha das primeiras obras do estilo simbolista no que empeza a traballar o artista desde ese momento. Foi pintado para unha igrexa da zona pero o párroco rexeitouna.

Esta obra pintouna o autor durante unha segunda estancia en Pont-Aven (Bretaña), pretende representar, segundo el mesmo sinala a «simplicidade rústica e supersticiosa». É unha obra característica da escola de Pont-Aven.

Respecto á descrición formal da obra, en primeiro plano vemos unha serie de figuras de mulleres bretoas coas súas características cofias, orando, mentres ao fondo vemos a suposta visión que teñen as devotas tras o sermón, onde aparece Xacob loitando co anxo. Xacob, que tentara enganar ao seu pai e quitarlle a primoxenitura ao seu irmán Esaú, foi expulsado do seu fogar ata que recuperase o camiño do Señor. Gauguin plasma un dos moitos sufrimentos que tivo que pasar Xacob para recuperar o favor de Deus e da súa familia, neste caso aparece loitando cun anxo enviado por Yahvé, quen lle revelou o seu novo nome Israel.

Gauguin rehúsa manexar a perspectiva tradicional, polo que consegue un efecto de figuras planas. As cores tamén experimentaron un cambio importante, son cores puras, sen mesturar, que reafirman o efecto da plenitude.

O contorno das figuras empeza a estar moi delimitado, seguindo un estilo típico destes momentos chamado Cloisonnisme, inspirado na realización de esmaltes e de vidreiras, enchendo eses contornos con cores moi vivas. A visión tras o sermón contén os elementos esenciais da poética de Gauguin: O artista quería dar unha forma ao sentimento da xente, que cría ver a loita de Xacob co anxo á saída da igrexa. Un grupo de campesiñas «ve» a escena da loita, que Paul Gauguin traza dun debuxo do gran mestre xaponés Hokusai, adaptando a un loitador de sumo á iconografía occidental do anxo. A influencia da estampa xaponesa evidénciase así mesmo na rama da maceira. Esta árbore, situado en diagonal separa simbólicamente a esfera da realidade daquela da imaxinación.